

FIZ VERGARA VILARIÑO

(Santalla de Lóuzara-Samos, 1953-1997)



*Fiz, o labrego das letras da Lóuzara xabreira...
o poeta nos eidos da bremanza*

Fiz significa en toda Galicia, poesía, sensibilidade, forza imparable xurdida da dor e do sufrimento. Con dicir Fiz abonda: cunha soa sílaba, co son efémero que permanece para sempre no seu eco. Pronúnciase Fiz, e soa a terra en versos profundos, o fulgor que se alzou e ainda pervive en Lóuzara, a persoa que explorou a ferida con ollos decididos, para darlle un sentido e convertela en mensaxe (adaptado da Asociación Cultural *Ergueitos* de Sarria).

OBRA

- Pra vós (1971)
- Encontro cos tiburós (1973)
- Orfo de ti en terra adentro (1976)
- Poeta muiñeiro á deriva (1983)
- Nos eidos da bremanza (1990)
- Pastora de sorrisos (1993).
- Animal sen fel (1994)

Cando chegues (se chegas logo),
atoparasme neste rechuvazo,
rañando as chagas nun continuo rogo.
Pero hame dar forteza o teu abrazo
para acender no lar un baril fogo
e loitar xunto a ti brazo con brazo.

Se viñeras a min polo avesedo
dunha norteira fraga de veludo,
o niño meu xa non sería acedo.
Nin acedo sería o tempo rudo,
pois farías da miña vida un ledo
paraíso de amor no vento mudo.